

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dezanove minutos do día doce de novembro do ano dous mil dezanove, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª del Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de novembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 5 de novembro de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 31 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, de aprobación definitiva da modificación da base 21 das de execución do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2018. BOP núm. 212 do 07-11-2018.
- Anuncio do 31 de outubro de 2018, do Concello de Culleredo, de exposición pública da aprobación inicial dun expediente de transferencia de crédito. BOP núm. 212 do 07-11-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:



Código do documento USG12I0119	Código do expediente USG/2018/195
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1X0F 5A1A 6U19 2R08 0U9L	

- Resolución núm. 1652 de data do 29/10/2018, pola que se resolve rexistrar o animal potencialmente perigoso de especie canina e raza American Staffordshire, da propiedade de B. L. B., que ten o número de microchip 981098106733298.
- Resolución núm. 1657 de data do 26/10/2018, pola que se outorga a licenza municipal para a instalación da terraza da cervexería 'Silcas', á J. A. Silcas, SL, na Praza de Galicia, núm. 1, do Burgo.
- Resolución núm. 1678 de data do 30/10/2018, pola que se outorga a licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar 'Arrincadeira', á D. A. G. C., na Avda. Ribados núm. 14, do Burgo.
- Resolución núm. 1713 de data do 05/11/2018, pola que se modifica as condicións da licenza municipal para a instalación da terraza do café-cantante 'Cousa nosa', á Hermanos Peche, SL, na Avda. Xoán Carlos I, núm. 14-16, baixo, local 2, do Burgo.

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

C.I.F. P-1503100-H

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
25/10/18	1642	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concurrencia, con data 30/09/2018 ao causar alta como dependente.	A. S. R.	62 horas mensuais o día 01/10/2018, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.
29/10/18	1661	Baixa no servizo de teleasistencia domiciliar e no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concurrencia, con data 30/09/18 ao causar alta como dependente, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	N. V. A.	45 horas mensuais.
29/10/18	1662	Baixa no Servizo Municipal de Teleasistencia domiciliar e de Axuda a Domicilio por Libre Concurrencia con data 31/08/2018.	C. G. B.	
29/10/18	1663	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concurrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta como dependente, o día	J. G. B.	31 horas semanais



Código do documento	Código do expediente
USG12I0119	USG/2018/195
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1X0F 5A1A 6U19 2R08 0U9L	

C.I.F. P.-1503100-H

		01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia. Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio, por libre concorrencia coa mesma data que ao seu esposo, en tanto que as tarefas recollidas no acordo do servizo para J. G. B. Serán igualmente aplicables a L. C. B.	L. C. B.	
30/10/18	1674	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta dentro do sistema de Dependencia o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	C. F. N.	44 horas mensuais.
30/10/18	1675	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 31/10/2018 ao causar alta pola vía do sistema de Dependencia o día 01/11/2018, segundo aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	D. C. G.	22 horas mensuais.

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
29/10/18	1664	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	Y. D. C.	Recibo de electricidade, correspondente ao mes de setembro de 2018	21,19 €
29/10/18	1667	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago	E. P. O.	Recibo de auga, correspondente ao terceiro trimestre de 2018.	57,36 €



Código do documento	Código do expediente
USG12I0119	USG/2018/195
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1X0F 5A1A 6U19 2R08 0U9L	

(Neste intre sae sa sesión a Sra. concelleira D.^a María del Carmen Varela Corbelle).

2.2.3.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do escrito, do día 9 de novembro de 2018, da Sra. concelleira de Educación, Cultura e Participación Cidadá, D.^a Carmen Varela Corbelle, que transcrito literalmente di:

**“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DA CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

A concelleira de Educación, Cultura e Participación cidadá dá conta á Xunta de Goberno local do día 12 de novembro de 2018 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

EDUCACULLEREDO 2018-2019

ACTIVIDADE: Contacontos coa Dragona Ramona.

Programa: Educación para o fomento da lectoescritura.

Datas: 12 e 13 de novembro.

Horario: de 09:50 a 13:00 h.

Colexios participantes: Tarrío e colexio novo.

Curso: 4º, 5º e 6º de EI.

Nº participantes: 170.

Lugar: Bibliotecas escolares.

ACTIVIDADE: Visita didáctica á sede da Policía Local.

Programa: Educación para a seguridade cidadá.

Datas: 7, 8, 14 e 15 de novembro.

Horario: de 10:00 a 11:30 h.

Colexios participantes: Sofía Casanova e Díaz Pardo.

Curso: 6º de EP.

Nº participantes: 103.

Lugar: Vila Lucinda.

ACTIVIDADES CULTURAIAS

XOVES 15 DE NOVIEMBRE

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Los Nostálgicos: Concerto de boleros.

VENRES 16 DE NOVIEMBRE

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Festival benéfico a prol da Fundación Juan Bonal.

Proxecto: Nenos/as venezolanos/as refuxiados en Perú.

O Grupo de Teatro Tanxedoira representará a zarzuela *Agua, azucarillos y aguardiente*.

2.3. SENTENZA 272/2018 DA SECCIÓN 4 DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DA CORUÑA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. RECURSO DE APELACION 15019/2017.



Código do documento	Código do expediente
USG12I0119	USG/2018/195
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1X0F 5A1A 6U19 2R08 0U9L	

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 272/2018 da Sección 4 da Sala do Contencioso-Administrativo da Coruña do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación 15019/2017, interposto por ABACO PATRIMONIAL SL, o fallo estima en parte o recurso de apelación interposto pola entidade mercantil ABACO PATRIMONIAL, SL contra a sentenza do 25 de maio de 2017, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña, ditada no procedemento ordinario 330/2016, sentenza que revogan parcialmente, aos únicos efectos de deixar sen efecto a imposición de custas á parte actora na instancia con desestimación do recurso no restante e non efectúan pronunciamiento en canto ás custas procesuais desta alzada.

Contra esta sentenza cabe interpoñer o recurso de casación.

2.4.- SENTENZA 124/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 4 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 55/2017.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 124/2018 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 4 da Coruña no procedemento ordinario 55/2017 por demanda interposta da mercantil SETEX APARKI, SA, o fallo estima parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto contra o acordo da concelleira delegada de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do Concello de Culleredo, do 29 de xaneiro de 2016, que desestima a revisión de prezos solicitada por Setex Aparki, SA do contrato de retirada de vehículos da vía pública, por non ser a mesma no conforme a dereito e se declara que, unha vez finalizado o período transitorio establecido no contrato suscrito entre o Concello de Culleredo e Setex Aparki, SA, o 10 de marzo de 1999, o prezo dos servizos obxecto da concesión a partir do 1 de xaneiro de 2016, é o establecido na cláusula segunda do contrato. Se inadmite a demanda en todas a as demais pretensións. Sen méritos para a imposición das custas.

Contra esta sentenza cabe interpoñer o recurso de apelación.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)



(Asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
16/11/2018 10:54